

18.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA DE ALCANTARILLADO

Modifícase o anexo de dita ordenanza, quedando polo tanto do seguinte xeito:

ANEXO

B/ TARIFA DE DEPURACIÓN.—DEPURACIÓN

Usos domésticos.

— Mínimo ata 15 m ³ / mes	0,20 €/mes
— De 15 m ³ a 20 m ³ /mes	0,22 €/mes
— Máis de 20 m ³ /mes	0,23 €/mes

Usos comerciais.

— Mínimo ata 15 m ³ / mes	0,20 €/mes
— Máis de 15 m ³ /mes	0,22 €/mes

Usos industriais e obras.

— Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,20 €/mes
— Máis de 15 m ³ /mes	0,22€/ mes

19.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NAS TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENCIAS PARA CONSTRUCIONS, OBRAS E INSTALACIÓN

Modifícase o Artigo 7 de dita ordenanza, e polo tanto queda redactado da seguinte maneira.

ARTIGO 7

As cotas a aboar resultarán de aplicar os seguintes tipos:

- A.1/ Licencias de obras e proxectos de urbanización: 1,066% sobre a base liquidable cunha cuota mínima de 32,16 €.
- A.2/ Licencias de obra maior: 0,1066% da base liquidable, cunha cuota mínima de 32,16 €.
- B/ Outros servizos.

Alienacións e rasantes 7,19 € por metro lineal.

Inspección de obras que se practiquen a instancia de parte ou causa de expediente contradictorio, por unidade: 57,07 €.

Inspección de actividades que se practiquen a instancia de parte: 16,81 €.

Licencias de parcelación urbanística, por cada unha das parcelas resultantes: 47,53 €.

Transmisión de licencias: 38,13 €.

Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo o prezo do anuncio na prensa):297,74 €.

Licencias de primeira ocupación: 0,56 €/m².

Solicitud de declaración de ruína: 254,26 €.

Solicitud de tramitación de figuras do planeamento de iniciativa particular, a cuota a aboar será a resultante do seguinte cálculo (superficie do solo en m² * proposta edificable * 0,066 €/m²) + (superficie en m²* 0,033 €/m²).

Si o resultado da aplicación das tarifas deste artigo fose inferior a 33,17 €, prevalecerá este importe como cuota mínima.

20.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR OBTENCIÓN DE COPIAS E FOTOCOPIAS

Modifícase o artigo 5, quedando polo tanto da seguinte xeito:

ARTIGO 5

As tarifas que corresponde satisfacer polos servizos regulados en esta ordenanza, será as seguintes:

— Por la obtención de copias, por fotocopia:	
Tamaño DIN A-4	0,06 €
Tamaño DIN A-3 y outros tamaños no especificados	0,10 €
— Por la obtención de copia de planos de la oficina técnica:	
Tamaño DIN A-4	0,06 €
Tamaño DIN A-3	0,18 €
Tamaño DIN A-2	1,02 €
Tamaño DIN A-1	1,71 €

2º.—Incremento do IPC acumulado dende o ano 2000 na taxa de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, xunto co novo sistema de tributación por tramos en función do consumo, quedando do seguinte xeito o ANEXO 1:

ANEXO 1

A/ TAXA DO SERVIZO DE SUMIDOIROS

TAXA DE SUMIDOIROS	AÑO 2077
<i>Usos Domésticos</i>	
Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,16 €/m ³
De 15 m ³ a 20 m ³ /mes	0,18 €/m ³
Máis de 20 m ³ /mes	0,20 €/m ³
<i>Uso Comercial</i>	
Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,19 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes	0,21 €/m ³
<i>Uso Industrial e Obras</i>	
Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,19 €/m ³
Máis de 15 m ³ /mes	0,21 €/m ³

3º.—Modificación do artigo 3 da Ordenanza reguladora do IAE.

Modifícase o artigo 3º da ordenanza reguladora do IAE, quedando polo tanto do seguinte modo:

ARTIGO 3

De conformidade co disposto no artigo 87 do Real Decreto Lexislativo 2/2003 do 24 de marzo, aplicarase sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación a seguinte escala de coeficientes, segundo a categoría fiscal da vía pública na que radique a actividade:

CATEGORÍA FISCAL	COEFICIENTE
1/Casco Urbán	1,9
2/Resto Municipio	1,6

Ponteareas, 2 de xaneiro de 2007.—O Alcalde,
Salvador González Solla. **2007000037**

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

Aprobación inicial do proxecto de urbanización presentado por Balboa e Buceta, S.L., para o desenvolvemento do PERI 8 en Revel-Vilalonga.

Por Resolución da Presidencia de data 24 de novembro de 2006, acordouse prestar aprobación inicial ó proxecto de urbanización presentado por B.B.T. S.L., para o desenvolvemento do PERI 8, no lugar de Revel-Vilalonga, de conformidade coa documentación técnica presentada, redactada polos Arquitectos don Antonio Espinosa Murais e don Antonio Rodríguez Martín, con data de visado 26 de xuño de 2006 e proxecto modificado con data de visado do 27 de setembro de 2006.

Sométese o acordo e o proxecto a información pública durante o prazo de 20 días, a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, ós efectos de que poidan ser examinados e, de se-lo caso, presenta-las alegacións procedentes.

Este anuncio suple as circunstancias que poidan concorrer no disposto no artigo 59 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Sanxenxo, a 5 de decembro de 2006.—O Presidente, Telmo Martín González. **2007000038**

* * *

TUI

E D I C T O

O Pleno da Corporación Municipal, con data 29 de Xuño de 2006 aprobou a “Modificación da actual ordenanza municipal reguladoras das axudas a rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito da área de rehabilitación do conxunto histórico de Tui”, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº número 72 de data 17 de outubro de 2006, para súa exposición pública polo prazo de trinta días. Ó non terse presentada ningunha reclamación a mesma, procedese a súa publicación definitiva do texto íntegro, en virtude do artigo 49 da lei de Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS, VIVENDAS E URBANIZACIÓN NO ÁMBITO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En desenvolvemento dos convenios asinados entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Tui, na presente Ordenanza regulámense os criterios e procedementos que seguir para acceder ás axudas públicas á rehabilitación de vivendas e urbanización no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto histórico de Tui. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os elementos comúns destes así como obras de urbanización. Estes programas de actuación pretenden estimular a rehabilitación integral do conxunto histórico, tanto na súa dimensión física, como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

Poderán acollerse ás subvencións aquelas actuacións de rehabilitación de vivendas que se atopen situadas dentro do ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui que estean conformes cas limitacións establecidas pola normativa urbanística vixente contando sempre coa autorización previa a preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio. As prioridades para seleccionar as solicitudes de intervención e as contías máximas de subvención son marcadas con carácter xeral cara a favorecer o non baleirado dos edificios, a instalación de locais sociais ou comerciais nas plantas baixas cos usos establecidos na normativa urbanística vixente, a conservación ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de minusvalías. Na procura de dar pulso ó uso residencial do barrio histórico e de dinamizar social e economicamente a súa rehabilitación, tamén se esixe o compromiso de habitar as vivendas xunto ao resto de documentación establecida. En todo caso, para garantir unha distribución xusta do orzamento dispoñible para estes efectos, as Administracións Públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

Esta Ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos Convenios de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Tui en materia de actuacións na Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui.